

**BASES PARA A SELECCIÓN DO DIRECTOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
"PONTE DE AREAS IV". - CONCELLO DE GUNTÍN.**

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 12 da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG nº 14 do 22 de xaneiro de 2020), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal directivo que participará no obradoiro dual de emprego "Ponte de Areas IV", promovido polo Concello de Guntín e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Posto convocado: 1 posto de director/a

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Os contratos de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter temporal, por un período de nove meses, e será a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ao réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

TERCEIRA.- FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado - traballador e a labor educativa do persoal docente.
- A dirección do persoal, controlando que cumpran cos súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde Laboral.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarse da parte administrativa e de xestión do obradoiro
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

CUARTA.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.
- Estar en posesión da titulación de Arquitecto ou Arquitecto técnico e ter a experiencia de 24 meses coa titulación.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas na base terceira.
- Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a,b,c) do Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

QUINTA.- BAREMO

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

1) Experiencia profesional/docente:

- Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2,00 puntos.
- Experiencia profesional coa titulación ou na ocupación esixida nestas bases para o posto de traballo 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo nos últimos 10 anos ata un máximo de 3,00 puntos

O período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto co contratos de traballo e/ou recibos de salarios.
- No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II. Cursos realizados:

- Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos
- Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50 puntos
- Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 1 punto.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

Soamente se valorará o curso de maior duración, sendo a puntuación máxima neste apartado de 1 punto.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso..

III. Coñecementos de lingua galega:

- Curso de iniciación 0,25 puntos
- Curso de perfeccionamento 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só o superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

SEXTA.- OFERTA DE EMPREGO

Unha vez constituída a Comisión de Avaliación, e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, presentaranse ofertas na oficina de emprego de Lugo Sur, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- Ámbito xeográfico: concellos de Guntín, O Páramo e O Corgo. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as por posto (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.
- Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto na medida do posible
- Número de postos:1
- Ocupación ou postos de traballo relacionados: Arquitecto ou Arquitecto Técnico

- Requisitos: segundo bases

A oficina de emprego remitirá a Comisión de Avaliación a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a entrevista persoal, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar a Comisión de Avaliación.

A Selección terá lugar na Casa Consistorial do Concello de Guntín o día 9 de decembro de 2020 as 09:00 horas.

SÉTIMA: PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

As actividades selectivas terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e nunha valoración de méritos.

A Comisión de Avaliación en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3,5 puntos.

Unha vez rematadas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

A continuación terá lugar baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto na base 5ª os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada pola Comisión de Avaliación.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poida corresponder a cada un, son os previstos na base quinta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

Finalizado o proceso de selección, a Comisión de Avaliación procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos de exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións finais, son por orde de prelación:

- A puntuación obtida no apartado de experiencia como director
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional coa titulación.

- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- A persoa de maior idade.
- A de maior tempo acreditado como desempleado.

A Comisión de Avaliación asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, que remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento.

OITAVA.- ADMISIÓN

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposta pola Comisión de Avaliación atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto par a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego e unha declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si o candidato proposto para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, a Comisión de Avaliación propoñerá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

NOVENA.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante a Comisión de Avaliación no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación das actas e serán resoltas pola Comisión de Avaliación, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DAS BASES

Estas bases serán publicadas na páxina web da entidade promotora www.guntin.es e no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e nas oficinas de emprego que tramiten a oferta.

Guntín, 23 de novembro de 2020

María Jesús Grandío Río

Eduardo Fernández Arias

Ana Fernández Reija

José Antonio Somoza Castro

José Manuel Fernández Vázquez

